

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro             | Concello | Ano académico |
|----------|--------------------|----------|---------------|
| 15002581 | IES Alfredo Brañas | Carballo | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza                        | Nome da área/materia/ámbito | Curso  | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Ámbito lingüístico social   | 4º ESO | 12               | 420            |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 3             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 5             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 6             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 24            |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 24            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 25            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 26            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 27            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 28            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 29            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 29            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 30            |
| 9. Outros apartados   | 30            |

## 1. Introducción

O ámbito Lingüístico e Social permítelle ao alumnado obter unha dimensión conxunta da evolución da sociedade actual, permítelle acercarse aos diferentes modos de vida polos que pasou o ser humano ao longo da historia e coñecer o patrimonio cultural, social, lingüístico e artístico do noso país. Por outra banda, este ámbito contribuirá á adquisición das competencias clave pois presenta unha conexión directa coa dimensión comunicativa, intercultural e cívica necesarias para fomentar unha cidadanía responsable.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos   | CCL   | CP | STEM | CD    | CPSAA | CC    | CE  | CCEC  |
|--|-------|----|------|-------|-------|-------|-----|-------|
| OBX1 - Identificar e comprender a natureza histórica das relacións sociais, das actividades económicas, das manifestacións culturais e dos bens patrimoniais materiais e inmateriais que compartimos, analizando as súas orixes e evolución e identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos, os problemas actuais e os seus valores presentes, para realizar propostas que contribúan a respectar os sentimentos de pertenza, o benestar futuro e o desenvolvemento da sociedade.   | 1-2-3 |    | 5    | 1-2-3 | 1-3   | 1-4   | 1   | 1-2-3 |
| OBX2 - Comprender as orixes e a evolución dos procesos de integración europea e a súa relevancia no presente e no futuro da sociedade española e das comunidades locais, destacando a contribución do Estado, as súas institucións e as entidades sociais á paz, á cooperación internacional, á cohesión social, á solidariedade territorial, ao desenvolvemento sustentable e á cidadanía global con base nos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, para contribuír a crear un mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto no que se recoñeza a conformación dunha realidade multicultural e se valore a contribución dos movementos en defensa da igualdade e da inclusión evitando discriminacións e violencias. | 1-2-3 |    | 1    | 1-2-3 | 1-3   | 2-3-4 | 1-3 | 3     |
| OBX3 - Valorar os principios básicos do sistema democrático e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, analizando de forma crítica as formulacións históricas e xeográficas, as institucións e as diferentes organizacións políticas e económicas en que se manifestan, para adecuar o comportamento propio ao cumprimento dos devanditos principios.   | 1-2-5 | 3  | 1    | 1-2-3 | 1-3   | 2-3-4 | 2   | 1-3   |

| <b>Obxectivos</b>   | <b>CCL</b> | <b>CP</b> | <b>STEM</b> | <b>CD</b> | <b>CPSAA</b> | <b>CC</b> | <b>CE</b> | <b>CCEC</b> |
|---|------------|-----------|-------------|-----------|--------------|-----------|-----------|-------------|
| OBX4 - Comunicar en lingua castelá e galega de maneira cooperativa e respectuosa, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e á súa adecuación a diferentes ámbitos e contextos, para dar resposta a necesidades concretas  | 1-2-4-5    | 1-2-3     | 1-4         | 1-2-3-4-5 | 1-2-3-4      | 1-3       | 1-3       | 1-2         |
| OBX5 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformativa en coñecemento para comunicala, adoptando un punto de vista crítico e persoal á par que respectuoso coa propiedade intelectual. | 1-2-3-5    | 1-3       | 2           | 1-2-3-4-5 | 4            | 3         | 1-3       | 2-4         |
| OBX6 - Ler, interpretar e valorar fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais para establecer vínculos entre textos diversos co fin de conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozar da literatura e crear textos de intención literaria.                     | 1-4-5      | 1-2-3     | 1           | 1         | 1            | 1-3       | 1-3       | 1-2-3-4     |
| OBX7 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de recepción crítica.  | 1-2        | 1-2-3     | 2-4         | 2-3       | 4-5          | 1-3-4     | 1-3       | 1-2-3       |
| OBX8 - Comprender e interpretar, en lingua estranxeira, o sentido xeral e os detalles máis relevantes de textos expresados de forma clara e na lingua estándar, buscando fontes fiables e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas.   | 2-3        | 1-2       | 1           | 1         | 5            |           |           | 2           |
| OBX9 - Producir, en lingua estranxeira, textos orixinais, de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma creativa, adecuada e coherente mensaxes relevantes e responder a propósitos comunicativos concretos.  | 1          | 1-2       | 1           | 2         | 5            |           |           | 2           |

| Obxectivos  | CCL | CP    | STEM | CD | CPSAA | CC  | CE | CCEC |
|---|-----|-------|------|----|-------|-----|----|------|
| OBX10 - Interactuar en lingua estranxeira con outras persoas con crecente autonomía, usando estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a propósitos comunicativos concretos en intercambios respectuosos coas normas de cortesía. | 5   | 1-2   | 1    | 3  | 3     | 3   |    |      |
| OBX11 - Mediar en situacións cotiás entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable.  | 5   | 1-2-3 | 1    |    | 1-3   | 1-3 |    | 1    |
| OBX12 - Ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando de forma crítica sobre o seu funcionamento e tomando conciencia das estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas.    |     | 2     | 1    | 2  | 1-5   |     |    |      |

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título                          | Descrición   | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---------------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | Tratamento da información       | Dedicaremos esta unidade ao manexo de diversas fontes de información para a realización de tarefas ou proxectos de investigación sobre temas curriculares e outros aspectos vinculados á realidade socio-histórica, lingüística, literaria e cultural.   | 15             | 60         | X        | X        | X        |
| 2  | Comprensión e expresión oral    | Dedicarase a presente unidade á comprensión e creación de textos orais planificados segundo os moldes xenéricos aos que pertencen e construídos dun xeito cohesionado, coherente e adecuado ao contexto.   | 15             | 60         | X        | X        | X        |
| 3  | Comprensión e expresión escrita | Esta unidade didáctica está destinada ao desenvolvemento dunha comprensión escrita eficaz por parte do alumnado. Para iso, realizaranse tarefas que impliquen: captar o sentido global dun texto e a información máis relevante en función do propósito de lectura e do contexto no que este se produce. | 15             | 60         | X        | X        | X        |

| UD | Título                                | Descrición  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---------------------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 4  | Linguaxe e Comunicación               | Dedicarase esta unidade ao estudo e aplicación da comunicación como o medio de comprender e construír mensaxes dialóxicas, empregando rexistros distintos dentro dunha mesma lingua ou incluso idiomas diferentes.  | 25             | 60         | X        |          |          |
| 5  | Reflexión sobre a lingua              | A presente unidade está dedicada á reflexión metalingüística co fin de que o alumnado acade unha mellor comprensión e interpretación crítica das producións alleas e constrúa os textos propios atendendo aos criterios de coherencia, cohesión e adecuación. | 10             | 60         |          | X        |          |
| 6  | Educación Literaria                   | O propósito desta unidade reside na aproximación do alumnado a unha autonomía lectora como fonte de gozo e medio de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas.  | 10             | 60         |          |          | X        |
| 7  | Tempos de cambios e novas sociedades. | Nesta unidade abórdanse os feitos destacados e manifestacións artísticas dos séculos XIX, XX e XXI dende as bases históricas ata a actualidade.   | 10             | 60         |          | X        | X        |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD              | Duración |
|----|---------------------------|----------|
| 1  | Tratamento da información | 60       |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | %   |
|---|--|----|-----|
| CA1.1 - Realizar pequenas investigacións a distintas escalas temporais e espaciais e transferir adecuadamente a información xerando produtos orixinais e creativos como narracións, pósteres, dosieres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e levar a cabo exposicións orais sobre temas de interese persoal con coherencia e fluidez e producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa.                        | Recolle información de diferentes fontes e elabora textos e traballos en diferentes formatos nos que se expliquen de xeito suficiente algúns feitos históricos ou actuais. | TI | 100 |
| CA2.1 - Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as súas variedades dialectais, con atención especial ao galego e ao castelán, a partir da explicación da súa orixe e do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, contrastando aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas, así como trazos dos dialectos do español e do galego, diferenciándoos dos trazos sociolectais e de rexistro, en manifestacións orais, escritas e multimodais. | Recoñece e valora as linguas oficiais de España.   |    |     |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | % |
|---|---|----|---|
| CA3.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos, realizando as inferencias necesarias e atendendo a distintos propósitos de lectura.  | Comprende a información máis relevante de diversos textos en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor. |    |   |
| CA3.7 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes, tanto analóxicas como dixitais, evitando os riscos de manipulación e desinformación e calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizar e integrar a información en esquemas propios, e reelaborala e comunicala de maneira creativa adoptando un punto de vista crítico respectando os principios de propiedade intelectual. | Localiza, selecciona e contrasta información procedente de distintas fontes evitando riscos de manipulación.                |    |   |
| CA3.8 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social a partir da información seleccionada.  | Elabora traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma.   |    |   |
| CA4.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos, realizando as inferencias necesarias e atendendo a diferentes propósitos de lectura.   | Comprende o sentido global, a estrutura e a información máis relevante de textos.   |    |   |
| CA5.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.   | Explica e argumenta a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións do emisor.                                |    |   |
| CA6.1 - Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.   | Extrae e analiza o sentido global de textos.  |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Sociedade e territorio.</li> <li>- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.</li> <li>- Indagación sobre os dereitos lingüísticos e a súa expresión en leis e declaracións institucionais.</li> </ul> |

## Contidos

- Alfabetización informacional.
- Procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios.
- Comunicación e difusión da información de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual.
- Análise dos riscos e consecuencias da manipulación e a desinformación e a vulneración da privacidade.
- Achegamento ao correcto emprego do sistema de citación e uso das referencias bibliográficas nas creacións propias.
- Utilización responsable das tecnoloxías da información e da comunicación. Uso de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais, tanto para a procura de información como para a realización de proxectos escolares.
- Interpretación e produción de textos propios das redes sociais e os medios de comunicación. Etiqueta dixital. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Lectura autónoma.
- Estratexias para a recomendación de lecturas en soportes variados, enmarcando de maneira básica a obra no xénero e subxénero literario correspondente. Emprego das redes sociais e os formatos audiovisuais para o fomento da lectura. Respecto pola propiedade
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Elaboración de glosarios, recoñecemento de distintos tipos de dicionarios, potenciación das TIC a través do emprego do dicionario d
- Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.

| UD | Título da UD                 | Duración |
|----|------------------------------|----------|
| 2  | Comprensión e expresión oral | 60       |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %   |
|--|---|----|-----|
| CA1.2 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos. | Explica con certo grao de comprensión cales son os conflitos da actualidade e enumera institucións internacionais e nacionais que velan polos valores democráticos e a paz. | TI | 100 |



| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | % |
|---|---|----|---|
| CA1.6 - Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e afirmación a través do coñecemento do noso ordenamento xurídico e constitucional.   | Elabora un traballo expositivo sobre a importancia do constitucionalismo como base das democracias e no que se indique cales son os deberes e dereitos que todo cidadán debe cumprir. |    |   |
| CA1.8 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade que conformou a sociedade globalizada e multicultural actual recoñecendo a achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados e xerando unha conciencia solidaria mediante o traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos. | Elabora en equipo un informe dos problemas das discriminacións actuais, localízalas espacialmente e achega solucións para erradicalas.  |    |   |
| CA1.9 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e adoptar un papel activo e comprometido coa contorna empregando estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.   | Expón de forma oral ou escrita cales son os organismos e movementos para a defensa dos dereitos humanos e enumera actitudes para a consecución da igualdade de xénero.                |    |   |
| CA2.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.  | Identifica e evita os usos discriminatorios da lingua a partir da reflexión da análise dos elementos lingüísticos.  |    |   |
| CA2.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, tanto no ámbito persoal como educativo e social e profesional.   | Utiliza estratexias para a resolución dialogada de conflitos.   |    |   |
| CA2.5 - Aceptar e valorar a diversidade lingüística e cultural como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que fomenten a sustentabilidade e a democracia.  | Valora a diversidade lingüística e cultural como fonte de enriquecemento persoal.   |    |   |
| CA3.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.                                      | Realiza exposicións e argumentacións orais de certa extensión e complexidade.   |    |   |
| CA3.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado, con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.   | Participa de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais.   |    |   |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | % |
|--|---|----|---|
| CA4.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade, avaliando a calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos e lingüísticos empregados.   | Valora a forma e o contido de diferentes textos.  |    |   |
| CA6.1 - Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.  | Extrae e analiza o sentido global e as ideas principais de textos orais.  |    |   |
| CA6.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; inferir significados e interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información veraz.   | Organiza e aplica as estratexias necesarias para comprender o sentido xeral e os detalles máis relevantes dos textos.             |    |   |
| CA6.4 - Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado co fin de describir, narrar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, control, compensación e cooperación.  | Expresa oralmente textos sinxelos de forma coherente e adecuados á situación comunicativa.  |    |   |
| CA6.7 - Planificar, participar e colaborar de maneira activa, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal, profesional ou de interese público próximos á experiencia do alumnado mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións dos interlocutores e interlocutoras. | Participa e colabora de maneira activa en situacións cotiáns interactivas a través de diversos soportes.                          |    |   |
| CA6.8 - Seleccionar, organizar e utilizar estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, resumir, colaborar, debater, resolver problemas e xestionar situacións comprometidas.  | Selecciona e organiza estratexias para establecer un proceso de comunicación.   |    |   |
| CA6.9 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutores e interlocutoras, así como polas linguas empregadas, e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.  | Explica textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en diversas situacións, apoiándose en diferentes recursos e soportes. |    |   |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | % |
|---|---|----|---|
| CA6.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.  | Aplica estratexias que facilitan a comunicación e expliquen e simplifiquen textos e mensaxes. |    |   |
| CA6.11 - Comparar e argumentar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.   | Compara e argumenta as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas.                      |    |   |
| CA6.12 - Utilizar de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio de outros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.  | Utiliza estratexias e coñecementos para comunicarse en lingua estranxeira.                    |    |   |
| CA6.13 - Rexistrar e analizar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar o seu progreso, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe. | Emprega estratexias para superar as dificultades da comunicación en lingua estranxeira        |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Retos do mundo actual.</li> <li>- Compromiso cívico e global.</li> <li>- Os valores do europeísmo</li> <li>- Dignidade humana e dereitos universais.</li> <li>- A igualdade real de mulleres e homes e cohesión social.</li> <li>- O patrimonio como ben e como recurso.</li> <li>- Afondamento nos fenómenos dialectais (fónicos, gramaticais e léxicos) dos bloques/das áreas lingüísticas do galego. Comparación entre a norma e as variedades dialectais.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Comprensión e creación de secuencias textuais básicas, con especial atención ás argumentativas.</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. Comunicación emocional.</li> <li>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor.</li> </ul> |

## Contidos

- Producción oral formal. Planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Lectura autónoma.
- Implicación na lectura de forma progresivamente autónoma e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica de lectura sustentada en modelos.
- Selección, de xeito progresivamente autónomo, de obras variadas que inclúan autores e autoras a partir da utilización da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Estratexias de mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A lectura compartida e
- Lectura guiada.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras. Discusións, o conversas literarias, debates ou emisión razoada das opinións persoais.
- Lecturas de obras ou fragmentos de textos que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia ambiental.
- Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.
- Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.
- Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás.
- Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares
- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación)
- Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación
- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da info
- Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos padróns.
- Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colabora
- Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas et
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do re
- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico pers

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| - Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>             | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------------------|-----------------|
| 3         | Comprensión e expresión escrita | 60              |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|--|-----------|----------|
| CA3.6 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.  | Enriquece os textos atendendo aos aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo.  | PE        | 45       |
| CA3.9 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica, e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Revisa os textos propios de maneira progresivamente autónoma.  |           |          |
| CA4.3 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.  | Incorpora procedementos para enriquecer os textos.   |           |          |
| CA6.1 - Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes. | Extrae e analiza o sentido global e as ideas principais de textos escritos e selecciona a información pertinente.  |           |          |
| CA6.2 - Interpretar e valorar o contido e os trazos discursivos de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe, así como de textos literarios adecuados ao nivel de madurez do alumnado.  | Interpreta e valora os trazos discursivos de textos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e de textos literarios.           |           |          |
| CA6.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; inferir significados e interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información veraz.          | Selecciona e aplica as estratexias e coñecementos básicos en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral dos textos e interpretar elementos non verbais. |           |          |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|--|--|----|----|
| CA1.8 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade que conformou a sociedade globalizada e multicultural actual recoñecendo a achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados e xerando unha conciencia solidaria mediante o traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.                    | Elabora un traballo escrito sobre a sociedade cambiante, migrante e diversa na actualidade e no que se identifiquen problemas sociais e posibles solucións á discriminación social e das mulleres. |    |    |
| CA1.9 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e adoptar un papel activo e comprometido coa contorna empregando estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.  | Elabora informes, enquisas e noticias en equipo nas que se poñan en común ideas para evitar a desigualdade social e a discriminación das mulleres.   |    |    |
| CA6.5 - Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, seguindo pautas establecidas, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal, profesional ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.                  | Redacta textos de extensión media con claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación.  |    |    |
| CA6.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades do interlocutor ou interlocutora potencial a quen vai dirixido o texto. | Selecciona, organiza e aplica estratexias para producir textos coherentes, cohesionados e adecuados á situación.   | TI | 55 |
| CA6.11 - Comparar e argumentar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.  | Compara e argumenta as semellanzas e diferenzas existentes entre linguas.  |    |    |
| CA6.12 - Utilizar de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio de outros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.   | Utiliza estratexias para mellorar a capacidade de comunicarse en lingua estranxeira.   |    |    |
| CA6.13 - Rexistrar e analizar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar o seu progreso, facéndoo explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.                       | Rexistra e analiza os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira.   |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Retos do mundo actual.</li> <li>- Sociedade e territorio.</li> <li>- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.</li> <li>- Compromiso cívico e global.</li> <li>- Os valores do europeísmo</li> <li>- Dignidade humana e dereitos universais.</li> <li>- A igualdade real de mulleres e homes e cohesión social.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Comprensión e creación de secuencias textuais básicas, con especial atención ás argumentativas.</li> <li>- Emprego correcto das propiedades textuais (coherencia, cohesión e adecuación) e respecto por estas nas creacións propias.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo: a estrutura e principais características dos textos científicos, técnicos e humanísticos.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito profesional: o currículo, a carta de motivación e a entrevista de traballo.</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.</li> <li>- Produción escrita. Planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos, etc.</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Identificación e emprego de recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos: a aposición e as oracións de relativo.</li> <li>- Emprego correcto dos mecanismos de cohesión. Recoñecemento e utilización de conectores textuais, con especial atención aos que expresan a causa, consecuencia, condición e hipótese. Identificación e uso de mecanismos de referencia interna gramaticais (subs</li> <li>- Emprego correcto dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.</li> <li>- Lectura guiada.</li> <li>- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).</li> <li>- Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás.</li> </ul> |

## Contidos

- Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares
- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación)
- Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación
- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da info
- Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, padróns e elementos gráficos.
- Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas et
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do re
- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico pers
- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).

| UD | Título da UD            | Duración |
|----|-------------------------|----------|
| 4  | Linguaxe e Comunicación | 60       |

| Craterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|---|--|----|----|
| CA3.10 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.  | Explica e argumenta a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas.  | PE | 50 |
| CA4.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos, realizando as inferencias necesarias e atendendo a diferentes propósitos de lectura. | Comprende o sentido global, a estrutura e a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor. |    |    |
| CA4.3 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.  | Enriquece os textos atendendo a aspectos discursivos e lingüísticos.   |    |    |



| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|--|--|----|----|
| CA6.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades do interlocutor ou interlocutora potencial a quen vai dirixido o texto. | Selecciona, organiza e aplica coñecementos e estratexias para producir textos coherentes, cohesionados e adecuados á situación comunicativa. |    |    |
| CA6.9 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e interlocutoras, así como polas linguas empregadas, e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.  | Infire e explica textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas apoiándose en diversos soportes.  |    |    |
| CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade, avaliando a calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos e lingüísticos empregados.   | Valora a forma e o contido de textos de certa complexidade avaliando a calidade da canle empregada.  |    |    |
| CA3.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión atendendo á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta, e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.  | Planifica a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión atendendo á situación comunicativa.                                |    |    |
| CA6.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; inferir significados e interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información veraz.   | Selecciona, organiza e aplica as estratexias máis adecuadas en cada situación comunicativa.  | TI | 50 |
| CA6.7 - Planificar, participar e colaborar de maneira activa, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal, profesional ou de interese público próximos á experiencia do alumnado mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións dos interlocutores e interlocutoras.         | Participa de maneira activa a través de diversos soportes en situacións interactivas sobre temas cotiáns.                                    |    |    |
| CA6.8 - Seleccionar, organizar e utilizar estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, resumir, colaborar, debater, resolver problemas e xestionar situacións comprometidas.  | Selecciona e utiliza de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación.                                   |    |    |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | % |
|---|---|----|---|
| CA6.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.  | Aplica estratexias que faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos e mensaxes.                                       |    |   |
| CA6.12 - Utilizar de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio de outros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.  | Utilizar estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes. |    |   |
| CA6.13 - Rexistrar e analizar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar o seu progreso, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe. | Rexistra e analiza os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira.  |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. Comunicación emocional.</li> <li>- Lectura guiada.</li> <li>- Construción do sentido da obra a partir da análise dos seus elementos formais e contextuais. Efectos dos seus recursos expresivos na recepción.</li> <li>- Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás.</li> <li>- Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares</li> <li>- Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colabora</li> <li>- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.</li> <li>- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).</li> </ul> |

| UD | Título da UD             | Duración |
|----|--------------------------|----------|
| 5  | Reflexión sobre a lingua | 60       |

| Craterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|---|---|----|----|
| CA2.1 - Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as súas variedades dialectais, con atención especial ao galego e ao castelán, a partir da explicación da súa orixe e do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, contrastando aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas, así como trazos dos dialectos do español e do galego, diferenciándoos dos trazos sociolectais e de rexistro, en manifestacións orais, escritas e multimodais. | Recoñece e valora as linguas oficiais de España e as súas variedades dialectais.                          | PE | 60 |
| CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.  | Enriquece os textos atendendo a aspectos discursivos e lingüísticos.                                      |    |    |
| CA5.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica, e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.   | Revisa os textos propios de maneira progresivamente autónoma.   |    |    |
| CA5.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.   | Explica e argumenta a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor. | TI | 40 |
| CA2.2 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal a partir da análise da diversidade lingüística en contextos comunicativos cotiáns dos ámbitos persoal e profesional e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas e da indagación dos dereitos lingüísticos individuais e colectivos.                     | Identifica e cuestiona prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto.         |    |    |
| CA5.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da manipulación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.   | Formula xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua.                                 |    |    |
| CA6.11 - Comparar e argumentar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.   | Compara e argumenta de forma guiada as diferenzas entre distintas linguas.                                |    |    |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | % |
|---|--|----|---|
| CA6.13 - Rexistrar e analizar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar o seu progreso, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe. | Rexistra e analiza os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira. |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecemento das linguas oficiais de España e das súas variedades dialectais, con especial atención ao galego e ao castelán. As linguas de signos. Exploración e rexeitamento de prexuizos e estereotipos lingüísticos.</li> <li>- Afondamento nos fenómenos dialectais (fónicos, gramaticais e léxicos) dos bloques/das áreas lingüísticas do galego. Comparación entre a norma e as variedades dialectais.</li> <li>- Diferenzas entre os trazos dialectais e os sociolectos e os rexistros.</li> <li>- Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuizos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias.</li> <li>- Observación das diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.</li> <li>- Estratexias de construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas (morfemas, palabras, oracións). Manipulación de estruturas, formulación de hipóteses, contraexemplos,</li> <li>- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre os cambios no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e o propósito comunicativo.</li> <li>- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple) e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para o cambio de categoría.</li> <li>- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.</li> <li>- Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación</li> <li>- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da info</li> <li>- Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, padróns e elementos gráficos.</li> <li>- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico pers</li> <li>- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.</li> <li>- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.</li> </ul> |

| UD | Título da UD        | Duración |
|----|---------------------|----------|
| 6  | Educación Literaria | 60       |

| Craterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|--|---|----|----|
| CA4.6 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e evolución dos xéneros e subxéneros literarios.   | Explica e argumenta a interpretación das obras lidas a partir da análise das súas relacións internas.                                 | PE | 65 |
| CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.                             | Crea textos con intención literaria e distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais.                     |    |    |
| CA6.2 - Interpretar e valorar o contido e os trazos discursivos de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe, así como de textos literarios adecuados ao nivel de madurez do alumnado.   | Interpreta e, de forma guiada, valora o contido de textos literarios na lingua estranxeira adecuados ao nivel de madurez do alumnado. |    |    |
| CA4.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade, avaliando a calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos e lingüísticos empregados.   | Valora a forma e o contido de textos de certa complexidade avaliando a idoneidade da canle utilizada.                                 | TI | 35 |
| CA4.4 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia de lectura.   | Le de maneira autónoma textos seleccionados e explica os criterios de selección das lecturas.   |    |    |
| CA4.5 - Compartir a experiencia de lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.  | Comparte a experiencia de lectura en diversos soportes.   |    |    |
| CA4.7 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais e outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura. | Establece de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos.  |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

|                 |
|-----------------|
| <b>Contidos</b> |
|-----------------|

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Lectura autónoma.</li> <li>- Lectura guiada.</li> <li>- Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario español desde o século XIX ata a actualidade.</li> <li>- Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario galego desde o século XX ata a actualidade.</li> <li>- Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario universal desde o século XIX ata a actualidade.</li> <li>- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras. Discusións, o conversas literarias, debates ou emisión razoada das opinións persoais.</li> <li>- Construción do sentido da obra a partir da análise dos seus elementos formais e contextuais. Efectos dos seus recursos expresivos na recepción.</li> <li>- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios, atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino.</li> <li>- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias: en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de par</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación)</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>                   | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------------------------|-----------------|
| 7         | Tempos de cambios e novas sociedades. | 60              |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|--|-----------|----------|
| CA1.2 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos. | Resolve exercicios nos que se enumeren gran parte dos conflitos actuais e se relacionen con feitos pasados e indique organismos supranacionais que velen pola paz e a defensa das democracias. | PE        | 80       |
| CA1.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual.  | Contesta a cuestións teóricas sobre os acontecementos históricos relevantes do século XIX e XX e tamén razoa en gran medida as relacións causais e consecuencias.                              |           |          |
| CA1.5 - Coñecer e contribuír a conservar o patrimonio material e inmaterial común, respectar os sentimentos de pertenza adoptando compromisos con principios e accións orientadas á cohesión e solidariedade.  | Identifica o legado histórico e artístico, recoñece as diferentes manifestacións artísticas e o contexto no que se desenvolveron e valora o deber de preservalas.                              |           |          |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|--|--|----|----|
| CA1.6 - Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e afirmación a través do coñecemento do noso ordenamento xurídico e constitucional.  | Determina con certa claridade o contexto no que se desenvolveu a constitución e o valor que esta tivo para o asentamento da democracia.                                    |    |    |
| CA1.7 - Identificar e valorar as principais institucións europeas, analizando os seus principios reitores, as súas normas de funcionamento e as súas funcións, xulgando o seu papel nos conflitos internacionais e recoñecendo a súa contribución á paz e a cooperación internacional, o desenvolvemento sustentable e a cidadanía global.   | Responde, en xeral, a cuestións teóricas sobre a formación da UE e as funcións das súas principais institucións, así como a importancia desta institución a nivel mundial. |    |    |
| CA1.3 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados e utilizar secuencias cronolóxicas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos. | Elaborar cun certo grao de comprensión e organización esquemas, resumos e relacións de feitos históricos actuais demostrando que é capaz de citar causas e consecuencias.  | TI | 20 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Retos do mundo actual.</li> <li>- Xeopolítica e principais conflitos no presente, consecuencia da globalización. Alianzas e institucións internacionais, mediación e misións de paz. O papel de España na política mundial.</li> <li>- Sociedade e territorio.</li> <li>- Bases ideolóxicas (liberalismo, marxismo e nacionalismo). O movemento obreiro.</li> <li>- A Constitución de 1812 e os sistemas liberais en España e Galicia.</li> <li>- As relacións internacionais e a época do imperialismo. Causas e consecuencias do colonialismo.</li> <li>- Conflitos e violencias: a Primeira Guerra Mundial.</li> <li>- O período de Entreguerras. A Revolución Rusa, o crack do 29 e os totalitarismos.</li> <li>- Da restauración monárquica en España á Guerra Civil. A muller na República.</li> <li>- Conflitos e violencias: orixe e consecuencias da Segunda Guerra Mundial.</li> <li>- A Ditadura de Franco e a Transición política e configuración do estado democrático coa Constitución de 1978.</li> <li>- A memoria democrática.</li> <li>- A política de bloques e a descolonización.</li> <li>- As transformacións científicas e tecnolóxicas do século XX e XXI.</li> <li>- As expresións artísticas e culturais. Os movementos de vangarda máis destacados.</li> </ul> |

## Contidos

- A acción dos movementos feministas e sufraxistas. Mulleres relevantes da historia contemporánea.
- Proceso de construción europea. As institucións europeas e o estado de benestar.
- Compromiso cívico e global.
- O patrimonio como ben e como recurso.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Poñerase en práctica neste ámbito unha metodoloxía flexible e aberta para abordar as materias que conforman a organización do curso, pois vai facilitar, grazas á combinación dos contidos de Comunicación e Ciencias Sociais, que o proceso de ensinanza-aprendizaxe se conciba dun xeito global e unitario. Con este enfoque metodolóxico, evítase a presentación de solucións únicas ás situacións ou problemas propostos que lle restan ao alumnado a posibilidade do descubrimento propio. Por iso, convén fomentar o deseño de actividades interdisciplinarias que integren os distintos contidos do ámbito para que o alumnado poida obter a máxima produtividade dos coñecementos impartidos en cada unha das materias.

Empregarase un enfoque eminentemente práctico que implicará a realización de tarefas variadas desde o punto de vista lingüístico e social. No referido á área de comunicación, elaboraranse actividades de creación de textos, vinculados aos ámbitos académico, social, xornalístico ou literario, tendo en conta a importancia da situación comunicativa, o rexistro e as estruturas gramaticais e pragmáticas apropiadas en cada caso. Proponse tamén a planificación de exposicións orais sinxelas ou debates sobre temas de actualidade, así como a lectura, a comprensión e a análise de textos orais e escritos de diversa índole.

Polo que se refire á elaboración de tarefas asociadas ás Ciencias Sociais, aproximarase á identificación e localización espacial e temporal de feitos xeográficos e históricos, de personaxes, de ideas, de movementos, de manifestacións culturais, literarias e artísticas, recoñecendo e analizando de maneira crítica as grandes transformacións da sociedade ao longo dos períodos históricos máis significativos e no mundo cambiante da actualidade, pescudando e contrastando as informacións procedentes de distintas fontes co fin de procurar un coñecemento nítido da evolución histórica e social do ser humano. Por medio de actividades como deseño de rutas (histórico-xeográficas), simulacións históricas, investigacións sobre temas curriculares, elaboración de xornais de época, redacción de pequenos comentarios históricos e artísticos, exposicións orais..., incentívase a iniciativa do alumnado e a súa creatividade, sentíndose parte activa do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O proceso de ensino-aprendizaxe da lingua estranxeira desenvolverase desde un enfoque práctico orientado á acción e á comunicación a través de deseños fundamentados na análise de necesidades dirixidos a tarefas da vida real e construídos arredor de nocións e funcións seleccionadas deliberadamente.

Finalmente, as tres primeiras unidades didácticas son transversais xa que o tratamento da información e a comprensión e expresión oral e escrita na aprendizaxe das linguas deben ser traballadas ao longo de todo o curso.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación        |
|---------------------|
| Libros de texto     |
| Blogue do docente   |
| Aula Virtual        |
| Caderno de traballo |
| Cine histórico      |



|   |
|---|
| Prensa  |
| Recursos audiovisuais en inglés auténticos      |
| Materiais e actividades de elaboración propia   |
| Ferramentas TIC                                 |
| Material funxible                               |
| Novelas históricas, novelas gráficas, comics... |
| Mapas xeográficos e históricos                  |

A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica do ámbito debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación e contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais ou e grupo que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, empregaranse diversos materiais e recursos dixitais ou en formato tradicional elaborados polo docente. O uso de textos en diversos formatos e soportes tamén será esencial na metodoloxía deste ámbito e, finalmente, as ferramentas informáticas serán imprescindibles para alcanzar os obxectivos propostos.

O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas de competencias próximas á realidade do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos de diversas tipoloxías, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

Finalmente, o uso das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación.

Non debemos esquecernos da Aula Virtual pois, ademais de ser un medio idóneo de conexión e comunicación entre o docente e o alumnado, permite, grazas ás ferramentas que contempla, deseñar diversas actividades facilmente corrixibles e puntuables coas que poder reforzar ou ampliar coñecementos.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso, realizarase unha avaliación inicial do alumnado co fin de detectar dificultades e adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación inicial permitirá valorar as diferenzas académicas do alumnado e, deste xeito, poder atender á diversidade que nos atopamos na aula.

Dita avaliación inicial consistirá en probas orais e escritas de diferente índole. Por unha banda, farase unha proba escrita na que se avaliarán contidos histórico-xeográficos, gramaticais, literarios, de comprensión de textos e expresións escritas e, pola outra banda, desenvolverase unha avaliación máis lúdica e oral que nos permita coñecer as destrezas lingüísticas orais e tamén os coñecementos previos que teñen dos distintos ámbitos, a partir dos cales continuarán construíndo a súa aprendizaxe.

Así mesmo, contéplase a proba inicial ou diagnóstica ao comezo de cada Unidade Didáctica coa finalidade de valorar os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai a abordar para, partindo destes, seguir construíndo os seus saberes.

Tamén facilita información sobre a predisposición do alumnado cara o tema que se vai a traballar, permitindo que realice algunha proposta didáctica para abordar a unidade.

Así mesmo, o docente poderá detectar as posibles confusións e incorreccións que os/as escolares teñen sobre os contidos a tratar e que precisan aclaración e rectificación.

Estas probas iniciais por unidade consistirán, segundo a ocasión, na elaboración de cuestionarios, test, enunciados de verdadeiro ou falso, tormenta de ideas, entrevistas, asembleas, redaccións, visualización de pequenos audiovisuais, etc.

#### LINGUA INGLESA

Ao principio de cada curso realizarase unha avaliación inicial ou diagnóstica para coñecer o nivel real de cada alumno nas distintas destrezas na ESO. O profesor avaliará ao alumno en canto aos seus coñecementos lingüísticos previos, a súa actitude e os seus intereses, o seu estilo de aprendizaxe (as súas estratexias, o tempo que necesita para cada tarefa, a súa organización, a súa autonomía, etc.) e o seu xeito de relacionarse,

Esta avaliación inicial levarase a cabo utilizando distintos instrumentos:

- Observación na clase, especialmente da produción e comprensión oral (listening e speaking).
- Proba de diagnóstico para avaliar os coñecementos previos. Esta proba poderá constar dos 5 bloques habituais nas probas do resto do curso.
- Análise do expediente académico previo.

Segundo o resultado das probas tomaranse medidas de ADAPTACIÓN CURRICULAR (a realizar polo/a profesor/a correspondente), REFORZO (fichas de nivel básico que se corresponden coas unidades do libro de texto), REVISIÓN OU AMPLIACIÓN a nivel individual e medidas de revisión ou de adaptación da programación a nivel colectivo.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica             | UD 1      | UD 2      | UD 3      | UD 4      | UD 5      | UD 6      | UD 7      | Total      |
|-------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| <b>Peso UD/<br/>Tipo Ins.</b> | <b>15</b> | <b>15</b> | <b>15</b> | <b>25</b> | <b>10</b> | <b>10</b> | <b>10</b> | <b>100</b> |
| <b>Proba escrita</b>          | 0         | 0         | 45        | 50        | 60        | 65        | 80        | <b>40</b>  |
| <b>Táboa de indicadores</b>   | 100       | 100       | 55        | 50        | 40        | 35        | 20        | <b>60</b>  |

### Criterios de cualificación:

AS MATERIAS DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA, LINGUA GALEGA E LITERATURA, E HISTORIA SON O 75% DA NOTA DO ÁMBITO LINGÜÍSTICO.

- Os exames e as probas escritas suporán o 50% da nota. Realizaranse como mínimo dous exames en cada avaliación. Calcularase a media aritmética entre os exames, sempre que se obtivese polo menos un 2,5 como nota mínima. Nas probas de Lingua castelá, galega e Literatura, descontaranse 0,1 puntos por cada erro ortográfico, ata un máximo de 2 puntos. A presentación inadecuada tamén descontará, ata un máximo de 1 punto. Nos exames e probas de Historia poderá descontarse ata 1 punto tanto pola deficiente ortografía como pola presentación dos escritos, se non é a correcta.

- O 50% da nota será o traballo diario na aula e as tarefas de deberes. Valorarase o interese do alumnado, a súa participación activa, a rapidez e eficacia na resolución das tarefas e a a súa realización e entrega en tempo e forma.

- O alumnado poderá obter ata 1 punto extra en cada avaliación mediante a realización de lecturas, caderniños de ortografía e traballos voluntarios que deberán ser entregados en tempo e forma. Tamén se valorará a participación na revista do centro, (Pomba dourada), na radio do instituto, (Radio Vespertilio), e na Semana das Letras, as Artes e a Música.

- Para superar as materias da área, a nota media das tres avaliacións debe ser como mínimo de 5 puntos.

En Inglés, a nota obteráse de seguinte forma:

Cada trimestre faranse dúas probas escritas (como mínimo) de gramática e vocabulario e unha proba de comprensión oral, reading e writing como mínimo. Así mesmo, farase unha proba de expresión oral (speaking) como mínimo cada trimestre. As actividades de expresión oral e as súas correspondentes probas poden ser monólogos, diálogos, role plays, entrevistas, presentacións, tarefa final dun proxecto... Procurarase un equilibrio entre os monólogos e as interaccións.

Serán tamén obxecto de avaliación todas aquelas tarefas, actividades, redaccións, ensaios, pequenas investigacións, etc. que o profesor propón con carácter obrigatorio para realizar fóra da aula ou dentro dela. Consideramos que conforman o portfolio de traballo do alumno.

O resultado da avaliación de lingua inglesa reflectirá o proceso da avaliación continua levado a cabo durante todo o trimestre ou curso e segundo os criterios expostos nesta programación. Que a avaliación sexa continua implica que non haberá probas específicas de recuperación, posto que en cada avaliación se terán en conta os contidos vistos ata ese momento. A avaliación continua tamén implica que todo o que o/a profesor/a propón como actividade dentro e fora da aula será obxecto de avaliación, non limitándose esta a un exame tradicional. A nota final incluírá polo tanto un compoñente de progreso, factor especialmente motivador. Se un alumno/a que ten un nivel baixo ve como progresa e que o seu esforzo é tido en conta sentirase máis motivado.

As porcentaxes das diversas probas que se realizarán en cada trimestre son as seguintes:

Use of English (grammar & vocabulary): 40%

Reading and Writing: 20%

Listening: 10%

Speaking: 10%

Portfolio (traballo na aula e na casa): 20%

A cualificación final farase sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante o curso seguindo os criterios establecidos no proxecto didáctico deste departamento. A nota para acadar a avaliación positiva será un 5. Terase en conta a asistencia do alumnado á clase así como o esforzo e o rendemento.

A nota da avaliación final de todo o alumnado será a media ponderada das avaliacións:

1a avaliación 30%, 2a avaliación 30%, 3a avaliación 40%

O redondeo da cualificación final na 1ª, 2ª e 3ª avaliación obterase por aproximación a partir do 0,7 e a partir do 0,5 na avaliación final despois de facer as porcentaxes que corresponden a cada avaliación.

### **Criterios de recuperación:**

- No caso de que o alumnado non conseguira unha nota media das tres avaliacións igual ou superior a 5 puntos, realizarase un exame global nunha data aínda sen determinar, en xuño.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado.

En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.

10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

**PROTOCOLO DE SEGUIMENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO:**

Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado incluírá, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

|  | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Educación para a Igualdade.                 | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.2 - ODS.  | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.3 - Prexuízos lingüísticos.                     | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.4 - Educación emocional e en valores.           | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.5 - Creatividade.                               | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.6 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais.  | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.7 - O emprendemento social e empresarial.       | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.8 - O fomento do espírito crítico e científico. | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.9 - Educación emocional.                        | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.10 - Comprensión lectora.                       | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.11 - Expresión oral e escrita.                  | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.12 - Comunicación audiovisual.                  | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |

**Observacións:**

Todos estes elementos transversais serán abordados ao longo do curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación emocional e a comunicación audiovisual, os prexuízos lingüísticos e o fomento do espírito crítico serán traballados en todas as unidades didácticas debido ao carácter do ámbito.

O resto dos elementos transversais serán traballados de forma coordinada con contidos máis específicos e a través de proxectos, como por exemplo, o Proxecto de Igualdade.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade                                 | Descrición   | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|--|----------|----------|----------|
| Rutas literarias.                          | Actividades en colaboración coa biblioteca do centro para celebrar diferentes conmemoracións coma o Día do Libro ou as Letras Galegas. | X        | X        | X        |
| Escape rooms.                              | Actividades para celebrar diferentes conmemoracións coma o Día da poesía ou o Día de Rosalía.  | X        | X        | X        |
| Rueiros históricos.                        | Interdisciplinar. Realización de excursións ás diferentes partes históricas da cidade ou vila.   | X        | X        | X        |
| Visita a Museos, Arquivos e Bibliotecas.   | Interdisciplinar. Tratarase de facer unha saída por avaliación.  | X        | X        | X        |
| Visita a centros empresariais, fábricas... | Coñecemento da contorna.   | X        | X        | X        |

### Observacións:

As actividades complementarias están deseñadas para que o alumnado poida perfeccionar as súas aprendizaxes e así obter un mellor rendemento durante o seu proceso de ensino-aprendizaxe. Desde este departamento consideramos necesario que a adquisición dos coñecementos non só leve a cabo na aula. Deste xeito, entendemos que unha parte importante da nosa materia debe ser desenvolvida tamén a través das actividades complementarias.

Así, a asistencia á representación de obras teatrais e operísticas ou de ballet, visitas a museos, bibliotecas, imprentas, arquivos, radios, televisións e redaccións de periódicos, proxeccións cinematográficas, roteiros literarios e artísticos, así como a participación en concursos e certames literarios serán actividades que se proporán ao alumnado ao longo do curso en datas que se irán concretando coa debida antelación a medida que se vaia coñecendo a súa oferta e a posibilidade de participar nelas.

Todas elas axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe. Permiten a socialización, a creatividade e descubrir habilidades do alumnado fóra do ámbito escolar, ademais de saír da rutina.

O desenvolvemento destas actividades conleva tres fases :

-Unha preparación previa.

-Un procedemento durante a mesma na que o alumnado sobre un cuestionario que se lle ofreceu debe ir recollendo os datos.

-Unha terceira fase consistente no feed-back na clase para comprobar o adquirido.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro   |
|--|
| O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización. |
| Secunciáronse de maneira adecuada as unidades didácticas.                      |
| Usáronse diferentes instrumentos de avaliación.                                |

|  |
|--|
| Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas.  |
| Ao comezo da unidade infómaselle ao alumnado dos obxectivos propostos , as competencias que se van desenvolver, as actividades que se realizarán e os criterios de avaliación. avaliación.                               |
| Ao inicio de cada unidade didáctica realízase unha introdución sobre o tema e actividade de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.   |
| Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado, vinculándose aos seus intereses e necesidades e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes. |
| Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe propondo novas que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.  |
| Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...).   |
| As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo) favorecendo a adquisición das competencias clave.                       |

#### **Descrición:**

Os indicadores de logro arriba enumerados pretenden avaliar a planificación, o proceso de ensino e a práctica docente. Recolleranse os datos en táboas de observación ao rematar o curso académico indicando as propostas de mellora e teranse en conta os resultados para cursos posteriores, modificando aqueles aspectos que non acadaron unha cualificación positiva.

#### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens e os resultados serán recollidos nas actas de departamento. Para a avaliación do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos na programación e tamén se terá en conta o seguimento das unidades didácticas (sesións previstas, graos de cumprimento...).

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora, se fosen necesarias, para poñer en práctica nos cursos sucesivos.

#### **9. Outros apartados**